

PREVENCIÓN NA ACTIVIDADE FORESTAL FRONTE AO CORONAVIRUS

Evitar o

CONTACTO PRÓXIMO

(2 m)

Establecer

MEDIDAS HIXIÉNICAS

Establecer

MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- Efectuar un **control** adecuado de **acceso ao monte**
 - **Non ir traballar con febre (> 37º)** ou **síntomas respiratorios** ou se houbo **contacto próximo con persoa infectada**
 - Evitar coincidir en **espazos ou zonas reducidas**. Manter a **separación de seguridade** no traballo
 - **Evitar compartir** ferramentas ou vehículos
 - **Nunca máis dunha persoa por fila de asentos** nos vehículos.
 - **Comunicar mediante carteis** as recomendacións sanitarias
-
- **Reforzar** a dispoñibilidade de **material** de **limpeza e hixiene**. **Repartir bolsas** para os refugallos
 - Facilitar o **lavado frecuente** das mans ou o uso de solucións hidroalcohólicas no monte e nos vehículos
 - **Cubrir as vías respiratorias** cun pano desbotable ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo de xeito adecuado
 - **Evitar tocarse os ollos, o nariz e a boca**, xa que as mans facilitan a transmisión
 - Limpar frecuentemente **espazos de uso común, equipos e utensilios de traballo** (vehículos, equipos, ferramentas, teléfonos e maquinaria). Levar desinfectante contra virus e panos desbotables nos vehículos
 - Usar **luvas desbotables** para recoller e asinar albaráns
 - **Non se recomenda o uso de máscaras** salvo situacións específicas indicadas polo servizo de prevención
 - **Evitar compartir** comida, bebida, obxectos, ferramentas
-
- Difundir a **todas as empresas concorrentes e persoal autónomo as medidas preventivas** adoptadas para evitar contaxios
 - **Limitar as tarefas** nas que pode haber maior **probabilidade de contacto** entre o persoal concorrente
 - Valorar a necesidade de establecer **quendas** para evitar contaxios entre o persoal
 - Adaptar o posto ou **limitar as tarefas** con maior probabilidade de contacto para o **persoal máis vulnerable** á infección
 - Dar **pautas de actuación** ante posibles situacións de **estrés laboral**

Para información en Prevención de Riscos Laborais:

– A CORUÑA	981 182 329 issga.coruna@xunta.gal
– LUGO	982 294 300 issga.lugo@xunta.gal
– OURENSE	988 386 395 issga.ourense@xunta.gal
– PONTEVEDRA	886 218 101 issga.pontevedra@xunta.gal
– SANTIAGO	881 999 332 issga@xunta.gal

061

SÓ **CASOS GRAVES**
OU **URXENCIAS**



900 400 116

INFORMACIÓN CIUDADÁNS

MÁIS INFORMACIÓN:
coronavirus.sergas.gal



XUNTA DE GALICIA